

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 14/03/2022
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDE

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

ARGIMIRO SERÉN MERA
LINO MOURIÑO SANTIAGO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
DIEGO GARCIA SANTIAGO
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
MATILDE LAYA LORENZO

Lista de non asistentes

ALBERTO VARELA PAZ

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

MONSERRAT CORES VAZQUEZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 14/03/2022 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 07 de marzo de 2022, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2022/0751

Dáse conta do escrito presentado pola Asociación Veciñal Outeiro de Sobradelo, sobre a configuración da rúa Sobradelo á altura do número 8, no entorno do cruceiro.

Dáse conta do seguinte informe da Policía Local:

A rúa Sobradelo na actualidade é unha rúa de plataforma única, estando a vía distribuída nunha calzada central para sentidos opostos de circulación, construída con pavimento de adoquíns de granito e unha zona a carón das edificacións en ámbalas márxes, destinadas para a circulación de peóns ou "beirarrúas", estando estas ó mesmo nivel da calzada practicable cun pavimento dun material prefabricado. Que polo exposto hai unha diferenza evidente entre ambas superficies, e a maiores está complementado con sinalización vertical de prohibición do estacionamento de vehículos.

Por outra banda á altura do número 8 de dita rúa, ahí unha zona sobreelevada que rodea o cruceiro, e que atendendo á súa especial protección así como os materiais empregados no pavimento desta zona, enténdese que é de uso exclusivamente peonil, agás acceso a garaxes.

Visto o que antecede a Xunta de Goberno Local acorda que se sinalize esta parte sobreelevada da rúa cun sinal R-410 de zona peonil coa lenda agás garaxe.

PRP2022/0759

Vista a proposta do Enxeñeiro Informático, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa IMATIA INNOVATION S.L. para a adquisición e impaltación das aplicacións informáticas correspondentes aos módulos de axuda no fogar e intervención familiar na plataforma informática XIESS de xestión de servizos sociais, por un importe de 8.917,7€ (IVE incluído), con cargo á partida 9201.64100.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/0766

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Setga, S.L.U. para a reparación de sete luminarias led e quince drivers no Pousadoiro, por un importe total de 2.241,79€ (IVE incluído), con cargo á partida 165-213.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/0767

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Ecovila, S.L., para a reparación de estufa de pellets no Centro Cultural de Faxilde, por un importe total de 1.392,71€ (IVE incluído), con cargo á partida 334-213. Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/0768

Dáse conta do informe do Encargado do Servizo de Alumeado e Saneamento, en relación ao Canon de Auga 2021.

A Xunta de Goberno Local queda enterada do canon de Auga do 2021 que ascende ao importe de 14.455,50€, debendo realizarse a retención de crédito correspondente.

Así mesmo acórda solilcitar un orzamento á empresa Espina & Delfín, S.L. para realizar as modificacións necesarias na rede de abastecemento de auga potable, para a redución no importe do canon de auga das seguintes subministracións:

C-Colexio de Rubiáns, C-Recinto Feiral Fexdega, C-Bombeo Beiramar, C-Colexio da Escardia, C-Garderia Municipal da Tomada, C-Praza de Abastos García Caamaño, C-Praza de Abastos Alexandre Boveda, D-Praza de Abastos Baldeos, C-Praza de Abastos Alfredo Saralegui.

Estas modificacións poden contar coa colaboración do persoal e maquinaria do Departamento de Obras, para abrir gabias ou o que estime oportuno a empresa Espina & Delfín S.L., co fin de que sexa o máis económico posible ditas modificacións para o Concello de Vilagarcía de Arousa. Dar conta a Espina & Delfín, S.L. e Intervención.

PRP2022/0777

Dáse conta de escrito de Augas de Galicia en relación co cumprimento do establecido na Lei 9/2019, de medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario. Indica así mesmo que se convocaron axudas no ano 2021 para adquisición e instalación de equipos de medición do caudal, establecendo a propia Lei a obriga de instalar contadores homologados de medición de consumo de auga en todos os puntos de captación ou subministración en alta e nos puntos de subministración final en alta ou en baixa, no prazo máximo de un ano dende a entrada en vigor da lei (disposición adicional terceira).

Solicitan que no prazo máximo de un mes dende a recepción do escrito se envíe a seguinte información:

- Un plano identificando todos os puntos de captación ou de subministración en alta, reflectindo aqueles que dispoñan de contador homologado para a medición do consumo de auga.
- Unha copia da auditoría realizada no Concello, co fin de cuantificar as perdas de auga, e o plan de actuación para a súa minimización.
- A dirección electrónica onde se localiza a publicación da porcentaxe de perda de auga no Concello.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar conta a Espina & Delfín, S.L.

PRP2022/0781

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento

presentado por Dalonga SA para a reparación do vehículo Citroen C4 Cactus, matrícula 0910JGR, adscrito ao Servizo da Policía Local, por un importe total de 1.237,43 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/0782

Dáse conta do escrito remitido por Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, comunicando a aprobación da Candidatura presentada polo Concello de Vilagarcía de Arousa, para a realización de Valoración das ofertas presentadas no contrato de recollida de residuos e limpeza viaria por parte da Axencia Ecoloxía Urbana do Eixo Atlántico, cofinanciado por fondos europeos.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e manifesta o seu compromiso aceptando as condicións e os tempo dos proxecto citado.

BENESTAR SOCIAL

EMPREGO

PRP2022/0765

Dende a posta en marcha da oficina de atención e información dixital do Concello de Vilagarcía o pasado mes de agosto de 2021, dito servizo estase a converter nun referente para a inclusión dixital das persoas e colectivos máis vulnerables da sociedade, ata o punto de facer necesaria unha ampliación das horas de atención ao público que actualmente se veñen prestando.

Co obxecto de que esta iniciativa teña o mais amplo alcance e poida ser utilizada polo maior número de potenciais beneficiarios, considérase preciso programar e desenvolver un ciclo de xornadas formativas e divulgativas sobre os servizos que se veñen prestando na oficina de formación e atención dixital, convidando a facer uso do mesmo á veciñanza de toda a contorna do Concello de Vilagarcía.

A tal fin, e como vía máis axeitada para achegar aos potenciais beneficiarios a dispoñibilidade e funcionalidade do servizo, propónse a realización dunhas sesións formativas teórico-prácticas nas diferentes casas da cultura de Vilagarcía, cuxa impartición e organización se leve a cabo polo persoal que cotidianamente ven prestando a asistencia e atención no espazo habilitado na rúa Arcebispo Lago.

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa ASESORAMIENTO Y DESARROLLO DE SOLUCIONES EMPRESARIALES S.L. CIF B-94099496, Prza de Galicia 10, a prestación de servizo consistente na realización de 18 charlas informativas divididas en 9 martes alternos a partir do vindeiro 15 de marzo, cunha duración estimada de 1,5 horas cada unha de ellas, por unha contía total de 495,00 Euros, con cargo á aplicación orzamentaria 241.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2022/0749

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Tigran Poghosyan para a revisión técnica do piano de cola Yamaha C7 do Conservatorio Profesional de Música para o Concerto da Orquestra Sinfónica de Galicia o día 19 de marzo de 2022, por un importe total de 193,60 € (IVE incluído),

con cargo á partida 3261.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/0770

Vista a proposta da Directora da Biblioteca Municipal a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as normas que rexerán a selección dos premios anuais ós/as mellores lectores/as-usuarios/as do servizo de préstamo a domicilio da rede municipal de bibliotecas do Concello (Biblioteca Pública Municipal e Axencias de Lectura de Carril, Bamio e Vilaxoán), dirixidos a usuarios/as de idades comprendidas entre 6 e 12 anos, inclusive.

Os/as premiados/as recibirán un lote de libros adaptado ás distintas idades, así como un diploma acreditativo.

PRP2022/0771

Dáse conta de escrito remitido pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade solicitando información sobre a Biblioteca do Centro de Servizos de Vilaxoán a fin de actualizar o directorio de bibliotecas públicas de Galicia.

Dáse conta do informe da Directora da Biblioteca Pública Municipal no que indica:

- Que a Rede Municipal de Bibliotecas do Concello está integrada unicamente polos seguintes centros bibliotecarios: Biblioteca Pública Municipal "Rosalía de Castro", Axencia de lectura Municipal de Bamio, Axencia de Lectura municipal de Carril e Axencia de Lectura Municipal de Vilaxoán.

- Que non se ten constancia da existencia dunha Biblioteca no Centro de Servizos Sociais de Vilaxoán.

- Que entende que o Centro de Servizos Sociais de Vilaxoán, actualmente Centro Sociocomunitario, depende directamente da Xunta de Galicia.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/0772

Vista a proposta do Director da Escola Municipal de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Maderas J. Redondo SL para o subministro de 20 cadeiras encartables para a Sala de Concertos, por un importe total de 1.089,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 3262.215.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/0773

Vista a proposta do Director da Escola Municipal de Música, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a participación dunha agrupación do profesorado da Escola de Música na Gala Anual que vai a celebrar a Fundación Galega contra o Narcotráfico o día 22 de abril no Auditorio Municipal de Vilagarcía.

PRP2022/0774

Dáse conta de Resolución da Deputación Provincial de Pontevedra de concesión a este Concello da cantidade de 9.500,00 € para a realización da actuación "Llimpeza da Escola Municipal de Música de Vilagarcía ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, Liña -2, sendo o orzamento total de 10.000,00 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2022/0635

Dáse conta do requirimento da Consellería de medio ambiente en relación cunha subvención de residuos outorgada ao abeiro da Orde do 5 de maio de 2020 –Axudas en materia de residuos de competencia municipal –MT975I, para un proxecto de servizo de punto limpo móbil por non ter presentado a documentación xustificativa.

Segundo informe do Sevizo de Medio Ambiente este proxecto do ano 2020 finalmente non se levou a cabo por non asegurar as empresas a entrega en prazo da cabeza tractora e o semirremolque indispensables para poder desenvolver a actuación e poder xustificar en prazo.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/0750

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda adjudicar á Empresa Cogami Reciclado de Galicia, S.L. (COREGAL, S.L.), a retirada anual e xestión do colector de plásticos mesturados do punto limpo, por un importe de 220 €/t (IVE non incluído) no caso de fraccións de plásticos mesturados, resultando un importe total estimado para o ano 2022 de 7.040,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 170.22700.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CULTURA

PRP2022/0753

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Veciños San Martiño de Galans por un importe total de 1.754,50 € con cargo á partida 334.22703:

PROVEEDOR	C.I.F. /N.I.F.	ARTÍCULO	CORRIENTE	INVERSIÓN	TOTAL C+I
M ^a SUSANA VENTOSO POMARES	35453240M	Limpeza semanal , con aporte de medios e produtos de limpeza, incluído o subministro de desinfectante tanto nos dispensadores como en alfombras húmidas, tamén toallas laminadas de papel para dispensadores e xabón	1.754,50€		1.754,50 €
		TOTAL GASTO CENTRO CULTURAL GALÁNS			1.754,50€

Así mesmo acórdase que se reintegre o sobrante a partida correspondente, que ascende a cantidade de 45,50 €

PRP2022/0754

Vista a solicitude de D. José Luis Villanueva Vicente, como Presidente de Parquistas de Carril, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, o día 1 de abril de 2022, en horario de 19:30 a 22:00, para a celebración dunha Asemblea Xeral de Socios, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2022/0755

Vista a solicitude de Asociación Cultural Comisión de Festas Santa Marta, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello das seguintes actuacións, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de Santa Marta os días 29, 30 e 31 de xullo de 2022:

NOME GRUPO/CULTURAL	C.I.F.	DÍA	IMPORTE
ASOCIACIÓN CULTURAL OS TERRIBLES DE AROUSA	G-36198927	29 e 30 de xullo	29-07: 391,00€ 30-07:225,00€ TOTAL:616,00€
CORAL STA. EULALIA	G-36197721	31 de xullo	335,00€

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2022/0756

Vista a solicitude de D. Juan Tomás Cores Fernández, en representación da Asociación Comisión de Festas San Pedro de Cornazo, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello das seguintes actuacións, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de San Pedro en Cornazo, os días 1, 2 e 3 de xullo de 2022:

DÍA ACTUACIÓN	NOME DO GRUPO	C.I.F.	IMPORTE
1 e 3 -07-2022	ASOCIACIÓN CULTURAL LUMARADA (Grupo de Gaitas e Baile)	G-94150414	01-07:350€ 03-07:225€
02-07-2022	ASOC. CULTURAL FOLCLÓRICA UNIÓN PIÑEIRA DE GUILLÁN (Grupo de Gaitas Treboada)	G-94007911	225,00€
03-07-2022	ASOCIACIÓN CULTURAL CANTAREIRAS BULIDEIRAS (Pandareteiras)	G-94093598	225,00€
03-07-2022	ASOCIACIÓN CULTURAL CORAL SAN PEDRO DE CORNAZO	G-94108933	225,00€

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2022/0757

Vista a solicitude de Asociación Cultural San José de Aldea de Arriba, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra da San José en Cea o vindeiro día 20 de marzo de 2022:

- Actuación do Grupo de Gaitas do Centro Cultural e Deportivo Santa Plácida, por un importe de 391,00 €.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2022/0758

Vista a proposta da Concellería de Cultura para a realización dun programa de actividades sobre a Memoria Democrática os días 7, 8 e 9 de abril de 2022, na Sala de Conferencias do Auditorio

Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Asociación Lobisome Producións, por un importe total de 1.697,63 € (IVE incluído), coa seguinte programación:

- Xoves 7 de abril, ás 19:30 horas:

- Palestra: Catas na nova Lei da Memoria Democrática. Eivas e Oportunidade.
- Conferencia: Irmandiñas, a represión sobre a muller no Salnés. Aurora Marco (historiadora e escritora)

- Xoves 8 de abril, ás 19:30 horas

- Ponencias sobre "A represión no Salnés".

- Venres 9 de abril, ás 12:00 horas:

- Palestra: Vilagarcía de Arousa 1936. Marcelino Abuín Duro (historiador e escritor)

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/0775

Dáse conta da existencia dun erro no acordo de Xunta de Goberno Local de 21 de febreiro de 2022, de aprobación dos contratos asinados entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e as distintas compañías teatrais da programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios-AGADIC, para o primeiro semestre de 2022, figurando no mesmo:

COMPAÑÍA	NOME FISCAL	ESPECTÁCULO	LUGAR	DIA	IMPORTE €
A Panadaría	A Panadaría Sociedade Coop. Galega (F27875285)	As que limpan	AUDITORIO	19/02/2022	3.500,00

E debendo figurar:

COMPAÑÍA	NOME FISCAL	ESPECTÁCULO	LUGAR	DIA	IMPORTE €
A Panadaría	A Panadaría Sociedade Coop. Galega (F27875285)	As que limpan	AUDITORIO	19/02/2022	3.540,00

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

PRP2022/0787

Vista a proposta da Concellería de Cultura a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases xunto cos premios, e a convocatoria do certame dos Maíos 2022 que se levarán a cabo o vindeiro 1 de maio no Parque Miguel Hernández ou en caso de chuvia na Praza da Peixería, sendo o prazo de inscrición dende o día 22 de marzo ata as 13:00 horas do día 12 de abril de 2022, debendo realizarse nas Oficinas da Concellería de Cultura (Auditorio Municipal).

PRP2022/0788

Dáse conta do escrito presentado por D. Juan Francisco Gomez Bungal, en representación de Sistema Producciones Artísticas SLNE, comunicando o cambio da compañía para a representación do espectáculo "La Bella Durmiente" no Auditorio Municipal o día 6 de maio de 2022, que ía a ser realizada polo "Ballet de Moscú" e debido a causas de forza maior, vai a ser realizada pola Internacional Ballet Company.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda autorizar o cambio de compañía solicitado, mantendo o acordo de Xunta de Goberno Local de data 21 de febreiro de 2022 tal e como figura redactado.

CONTRATACIÓN

PRP2022/0699

Dáse conta do informe emitido pola asistencia técnica en relación co muro de contención no Parque do Castriño redactado por Enmacosa Consultoría Técnica SA, que propón unha contención mediante un muro en escollera por considerar que e a solución que mellor se adapta ao entorno no que se situará.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/0717

O Concello de Vilagarcía asinou un convenio coa Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa, en virtude do que esta autoriza ó Concello a utilización da parcela da antiga Comandancia, así como a demolición das edificacións existentes na mesma para que, posteriormente, o Servizo Galego de Saúde edifique un novo centro de saúde. A tal efecto, o Sergas e o Concello asinaron o correspondente convenio para a construción do novo centro de saúde, dispoñéndose no mesmo que o Concello asumirá os gastos de derribo do actual edificio.

Mentras non se produce dita demolición, a instalación esta sendo utilizada por diversas asociacións, polo que se fai necesario continuar co mantemento do ascensor do edificio. Para isto solicitouse oferta á empresa Orona, Sociedad Cooperativa, que xa viña prestando o servizo para a Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa, presentando a seguinte:

Nº de aparatos incluídos en el contrato: 1

Total mes en euros: 54,04 €

IVA (21%): 11,35 €

Total mes IVA incluído: 65,39 €/mes

O período de execución deste contrato de servizos menor será como máximo de 12 meses, tendo en conta que, unha vez se inicie a demolición do edificio da Comandancia, dito contrato quedará automaticamente sen efecto.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de servizos de “Mantemento do aparato elevador do Edificio da Comandancia de Vilagarcía de Arousa á empresa Orona Sociedad Cooperativa (F20025318) por un prezo de 54,04 €/mes (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE 21% de 11,35 €, o que totaliza un prezo de adxudicación (IVE engadido) de 65,39 €/mes, con cargo á partida 920.213, de conformidade coa oferta presentada. Fáise constar que unha vez iniciada a demolición do edificio quedará sin efecto a presente adxudicación.

PRP2022/0736

A Fonte de Castrogudín representa un ben patrimonial particular do noso municipio que dadas as súas características é único na nosa cidade, ao combinar unha fonte -xerme do monumento- sobre a que se ergue unha ornacina culminada por un cruceiro. Neste monumento reúnense distintos estilos artísticos, desde elementos barrocos da segunda metade do século XVIII, elementos eclécticos da segunda metade do XIX e outros máis recentes do século XX, así como elementos tradicionais que lle confiren un valor singular, sendo un bo exemplo da evolución artística, así como do propio monumento.

Coñecedores da relevancia do patrimonio etnolóxico galego, o Concello promoveu a posta en valor dos cruceiros da cidade, realizando un estudo de rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico cultural, culminando nunha ruta pola cidade e nunha memoria. Nesta última, recóllese unha ficha sobre esta fonte na que se plantexaba a limpeza do ben patrimonial. Ademais, figura catalogado no Plan Xeral de Ordenación Municipal coa ficha PH63 e no inventario de bens municipais co número de matrícula 2907.

Por todo isto, considérase necesario a redacción dun proxecto de limpeza do monumento no que se indiquen as medidas a tomar, sendo necesario o visto e prace da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de servizos de redacción de proxecto técnico, proposta de intervención e memoria final da actuación, a dona Iria López Baltar (46896621N), por un importe de 900,00€, ao que lle corresponde un IVE 21% de 189,00€, o que totaliza un importe de adxudicación de 1.089,00€, con cargo á partida 920.22706.

PRP2022/0748

Dáse conta de acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, de 4 de marzo de 2022, de concesión de subvención ao Concello de Vilagarcía de Arousa no marco do Plan Concellos 2022-2023 Liña 1 - Investimentos (Anualidade 2022), con destino ao

financiamento do investimento "Humanización Rúa Aquilino Iglesias Alvariño", por importe de 78.755,18 €, debendo aportar o Concello a cantidade de 100.000 €. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/0786

Vista a proposta da Concellería de Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a doazón, a Cruz Roja Española de 10.000,00€, para axuda humanitaria con motivo da guerra de Ucraia, e que serán transferidos a conta bancaria da entidade, con cargo aos créditos municipais do fondo de contixencia (aplicación orzamentaria 929-22699).

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2022/0761

De conformidade coa Operación "Desenvolvemento de plans de intervención para a inclusión" da EDUSI Vilagarcía Avanza e en relación ao contrato menor de servizos aprobado "Posta en marcha da Oficina de Formación e Información Dixital", tras a realización do traballo e a comprobación do mesmo polo departamento de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación e Recoñecemento da Obrigación da seguinte factura:

PROVEDOR	FACTURA	IMPORTE	APLICACIÓN	OBRA/SUBMINISTRO/SERVIZO
ASESORAMIENTO Y DESARROLLO DE SOLUCIONES EMPRESARIALES S.L.	ASD22 0006 REG 2022/1004	1.225,00€	241-2279917 AD 20219-28	Accións de formación e atención na Oficina de Formación e Información Dixital. Febreiro 2022 (14 horas)
FINANCIACIÓN FONDOS FEDER: Liña de actuación Operación VLG_LA_17_ INCL, ao Proxecto 2018-3-DUSI-2 e a aplicación orzamentaria 241-2279917.				

PRP2022/0763

Visto o expediente de gasto derivado da relación de facturas F/2022/12 por importe de 21.282,78€.

Vista a Base 21^a.1 das B.E.O 2021 prorrogadas ao exercicio 2022, pola cal poderanse aplicar aos créditos do orzamento, no momento do seu recoñecemento, as obrigas, aínda correspondendo a gastos de exercicios anteriores a que se refire o parágrafo segundo do artigo 26 do R.D. 500/90 do 20 de abril.

Vistas a base 21^a.2 das B.E.O 2021 prorrogadas ao exercicio 2022, pola cal enténdese por práctica administrativa contable e se exceptúan do Recoñecemento Extraxudicial de Crédito:

- Contratos de subministro ou de servizos que sexan de tracto sucesivo e correspondan como máximo o derradeiro trimestre do exercicio inmediatamente anterior que, habitualmente, se presenta a principios do exercicio seguinte, sempre que se verifique que polo mesmo concepto non se apliquen con cargo a un mesmo orzamento máis de 12 meses naturais.
- Contratos de subministro ou de servizos para os que o seu período de facturación non sexa mensual segundo o contrato, sendo o último mes do período de facturación o de decembro.
- Contratos menores executados con data 30/31 de decembro, e resulte materialmente imposible o seu rexistro contable no exercicio económico o que corresponden, sempre e cando a natureza e entidade económica do gasto non comprometa a finalidade do principio de temporalidade dos créditos, aspectos que deberá valorarse pola Intervención en cada caso.

Vista a fiscalización previa favorable da Intervención municipal.

